

ACTA Mesa Comunitaria do programa CAI

21 de febreiro de 2024

Hora: 09,30h

Lugar: Salón de Plenos do concello de Teo

Asisten: Silvia Míguez Barreiro, Asociación Arcostilos. Mercedes del Río Garma, pediatra centros de saúde Os Tilos e Calo. Amaya Gómez Becerra, Vicepresidenta ANPA A Ramallosa, Xoán Ugarte, orientador IES Cacheiras. Carlos Agra Paz, coordinador Servizo Municipal de Atención Temperá. Alejandra Pérez, coordinadora escolas infantís. Alberto Llano Fontenla, coordinador bibliotecas de Teo. José Antonio Fernández García, SubTenente Garda Civil posto Milladoiro. María Silva Formoso. Membro do grupo de investigación SEPA-USC e do equipo do Proxecto ConLecerTeo. Mónica Mella Rosende, traballadora social do SEAF e SAF. Eva López Soto, educadora social SEAF e técnica do programa Ciudades Amigas da Infancia. Juan Cerqueiro, concelleiro de Servizos Sociais, presidente da Mesa.

Desculpan asistencia: profesorado ceip A Ramallosa; Asociación BolboreTea, Familias teenses para a neurodiversidade; Plan de prevención Drogodependencias. Policía Local. Fundación Secretariado Xitano. Feitoría Verde, empresa responsable da dinamización do FoPIA.

Orde do día:

1. Aprobación da orde do día da última xuntanza da Mesa
2. Presentación do Plan de Infancia e adolescencia 2023-2027
3. Programación do traballo a realizar desde os órganos de participación infantil e adolescente
4. Posta en común das actuacións en materia de infancia e adolescencia das entidades presentes
5. Outros

Deliberacións:

1. Aprobación da orde do día da última xuntanza da Mesa. O concelleiro de Servizos Sociais abre a sesión dando a benvida aos participantes na Mesa e destaca a súa importancia como órgano participativo do programa *Ciudades Amigas da Infancia* que se desenvolve con UNICEF. Dalle a palabra a educadora social, responsable do programa que fai referencia ao proceso participativo que tivo lugar no mes de abril de 2023 para analizar a situación da infancia e adolescencia e as conclusións que se recolleron no novo Plan de Infancia e adolescencia, e que é o segundo punto da orde do día.

2. Presentación do Plan de Infancia e adolescencia 2023-2027. Aínda que a algunhas persoas desta mesa xa se lle enviou o plan por correo, abórdanse as propostas realizadas por esta mesa e que se recollen no plan en relación fundamentalmente a 3 obxectivos do Plan e que son presentados a través da proxección da versión amigable do Plan, unha versión feita en linguaxe e formato comprensible e atractivo para a infancia e a mocidade. Polo que respecta ao obxectivo 1: **Ampliar os espazos de participación na vida pública da infancia e adolescencia**, incídese na idea de que a participación non está só nas canles que o concello facilita senón que esta debe estenderse e introducirse tamén noutros ámbitos nos que sexa posible, centros educativos por exemplo, asociacións, etc; para isto preséntase unha iniciativa de formación de todo o persoal desta mesa e outro persoal político e técnico do concello e familias. Faise entrega da proposta formativa e infórmase que correrá a cargo de profesorado da UDC no marco dun Convenio pendente de asinar e dirixido a probar metodoloxías participativas no noso concello e no cal se inclúe esta formación para os meses de abril e maio. Acordamos que se lles irá dando información a medida que se acheguen ás datas de celebración. O obxectivo 3. **Fortalecer unha rede comunitaria que actúe como factor de prevención na saúde mental na infancia e adolescencia.** e o 7. **Manter e crear actividades de ocio e espazos de lecer específicos para adolescentes** teñen que ver cos dous puntos seguintes na orde do día que son dar conta do traballo que se está facendo no FoPIA de crear ese recurso específico para a mocidade, en principio, contemplándoo como un lugar de encontro para o propio grupo do FoPIA.

3. Programación do traballo a realizar desde os órganos de participación infantil e adolescente. O Foro de participación estase reunindo na actualidade na Casa Común Marisa Mirás en Calo e ademais de ir organizando e adornando este espazo ao seu gusto están deseñando unha actividade para a difusión deste espazo como local propio da mocidade con diversas propostas atractivas e persoal dinamizador. Neste senso, cando cheguemos á fase de difusión será moi importante que as entidades e servizos que están presentes poidan informar ás familias. A nivel de participación tamén continúa funcionando o **Consello Climático Xuvenil** que vai dirixido á mocidade de entre 15 ata vinte e pico anos.

4. Posta en común das actuacións en materia de infancia e adolescencia das entidades presentes

En primeiro lugar, Eva López informa da xuntanza da Comisión de Coordinación interna do plan, na que a semana pasada se deron conta das actuacións de cada área en materia de infancia e que pasa a informar aludindo primeiro aos servizos que dependen da área de benestar, ademais do programa CAI:

- programa de apoio escolar
- servizo de atención temperá
- servizo de educación e apoio familiar
- servizos de conciliación
- escolas infantís
- axudas económicas ás familias e a infancia e bonificacións en Asociacións ou outras entidades.

Para falar das actividades na área de **Cultura** pásalle a palabra a Alberto, técnico responsable das bibliotecas de Teo. Alberto fai referencia ao programa *Fadateia*, e escolas culturais, programación cultural e programa APEGO. Polo que se refire a *Fadateia*, trátase dunha iniciativa de animación á lectura para crianzas de 6 a 11 anos aínda que di que as idades son orientativas. Comenta que as actividades de carácter mensual van rotando os sábados polas bibliotecas pero que ata o momento non tiveron a acollida que esperaban. As dificultades atópanse á hora de fidelizar ás persoas usuarias. Por parte doutras participantes na mesa como Asociación Arcotilos ou coordinadora das escolas infantís indican que falla a difusión, porque elas non se enteraron e non lles chegou a información. Tamén insiste nesta idea a pediatra dos centros de saúde que indica que a estas idades sempre lles recomendan a lectura en voz alta. Alberto indica que este programa é desenvolto polo profesor da escola cultural de Artes plásticas e que se utilizan diferentes técnicas de animación á lectura. O concelleiro comprométese a subsanar os aspectos de circulación da información e a educadora social do programa CAI propón facer un grupo de correo electrónico e outro de whatsapp para enviar esta información a lo menos con carácter mensual. Infórmase tamén das actuacións recollidas no plan que teñen relación coa escola de familias e dependentes da área de **Educación**. Iniciáronse o pasado sábado 22 de xaneiro de 11:30 a 13:30 horas no Auditorio da Ramallosa baixo o título acompañamento no uso saudable das novas tecnoloxías (internet, videoxogos, redes sociais...) e foi impartida por Belén Montesa. **A escola de familias** está dirixida aos pais e nais de nenos/as dende Infantil a Secundaria. As sesións son mensuais e organizáronse coa colaboración do Plan de prevención de drogas a nivel comarcal. A súa representante nesta mesa, que desculpou asistencia, Rosario trasladou que se comentara que tamén están intervindo nos centros educativos en 6º de primaria con habilidades sociais e con obradoiros sobre prevención de adiccións a substancias e pantallas en educación secundaria. Destácanse outras actividades municipais nas seguintes áreas:

Igualdade: actividades dirixidas a mulleres con servizo de canguraxe, talleres nos centros educativos sobre igualdade de xénero

Mocidade: pendente tamén dunha programación ampla para este ámbito

Deportes: escolas deportivas e actividade dos clubs

A continuación faise unha rolda de intervencións de cada entidade/servizo presente para compartir as preocupacións e/ou actividades que se organizan desde a súa área ou entidade:

María Silva, do proxecto ConLecerTeo fai referencia a que os resultados da investigación realizada sobre os usos dos tempos de ocio na mocidade tamén sinalaban a necesidade dun espazo propio para a xuventude e que colaborarán no seu deseño. Por parte de membros da mesa destácase que dada a relevancia da investigación se debería repetir para contrastar os resultados, polo que se insta ao concello a posibilidade de prorrogarse o convenio que está no seu último ano.

Mónica Rosende, traballadora social do SEAF, comenta que ao traballar con infancia e adolescencia en situación de vulnerabilidade moitas veces entramos en relación cos profesionais e entidades que forman parte desta mesa e por ese motivo traballar en rede e actuar de xeito coordinado é o que máis precisamos.

Jose Antonio, Garda Civil do posto do Milladoiro, fai referencia principalmente a dúas cuestións: a necesidade de involucrar a xente nova nos procesos de reflexión e decisión adulta xa que temos que falar a mesma linguaxe que eles e, por outro lado, a involucración das familias a través das anpas parécelle fundamental. Fai referencia a algúns procesos de locais para a xuventude que resultaron exitosos. Así, faise fincapé na necesidade de espazos cubertos onde poder facer actividades deportivas ou de xogo

Carlos, psicólogo do SAT indica que está dacordo e que por exemplo na praza Roxa en Santiago puxeron unha estrutura para o break dance e reúnense alí un montón de xente nova para mirar. Considera que é fundamental que a información sobre as actividades como as escolas de familias circule xa que cando se fala coas familias descoñecen as actividades e inflúe moito o boca a boca. Ademais, hai que insistir nas familias que están en situación de maior vulnerabilidade porque as que asisten as actividades son as que mellor fixan límites na educación dos seus fillos. Tamén incide no aspecto da mobilidade e na garantía de rutas internas para que a rapazada se poida trasladar.

Silvia, da Asociación Arcostilos, comenta a necesidade de mellorar a mobilidade no concello xa que as familias non teñen medios para trasladar a rapazada.

Xoán Ugarte, orientador do IES Cacheiras, indica que se se vai abrir un espazo xuvenil non se pode prohibir o móbil porque entón xa non van acudir. Pensa que hai que ofertar alternativas nese espazo que lles fagan non utilizalo. Comenta a situación actual no instituto respecto do uso do móbil.

Mercedes Del Río, pediatra dos centros de saúde de Calo e Tilos comenta a necesidade de regulación do uso das tecnoloxías, especialmente dos dispositivos móbiles tanto no ámbito educativo como a nivel familiar e por iso insiste en que xerar un proceso de consenso na comunidade con respecto a este tema. Hai que mirar as experiencias doutros países que están facendo o proceso de regulación despois do proceso de inmersión. Tamén na necesidade de apoiar economicamente ás familias máis vulnerables para que poidan acceder ás distintas actividades.

Jani, coordinadora das escolas infantís, pensa que os nenos son nativos dixitais, na escolas observan como nenos dun ano xa saben mover co dedo as pantallas, polo que pensando nun local para a xuventude cre que non se lles pode prohibir de primeiras. Comenta que atenden a 200 familias polo que son un importante canal de difusión se se lles envía.

Amaya Gómez, da anpa da Ramallosa, indica que como anpa están tendo un problema moi importante de financiamento xa que só contan coas cotas das familias e a subvención do concello. Están en negociación co concello para poder organizar un *escape room* de xénero. Tamén solicitan charlas de Educación sexual para 5º e 6º de educación primaria, e, en xeral, para o manexo de situacións conflitivas na educación dos fillos. Amaya explica tamén a proposta que fixeron ao colexio da Ramallosa para que se poida utilizar o EDIXGAL sen acceso a internet.

5. Acordos:

1. creación dun grupo de correo electrónico e outro de whatsapp para compartir información sobre actividades dirixidas a familias, infancia e adolescencia de xeito periódico.

2. Enviar a proposta formativa da UDC baixo o título: “MELLORAR OS PROCESOS PARTICIPATIVOS DA INFANCIA E A ADOLESCENCIA NO MUNICIPIO” e poñernos en contacto para o proceso de inscricións.
3. Proposta de outras persoas para incorporar a esta mesa: anpas e centros educativos dos outros colexios, traballadora social do centro de saúde, persoal de deportes.
4. Afondar en vindeiras sesións sobre o tema da regulación das novas tecnoloxías para acadar unha visión de consenso a nivel comunitario. Eva López enviará o posicionamento de UNICEF neste ámbito.
5. Enviar a acta da xuntanza

Juan Jesús Cerqueiro Pintos

Concelleiro de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais

Teo, 21 de febreiro de 2024.